EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

# REGULAMENTO DAS PRESTACIÓNS DOS SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR

## ARTIGO 1º. OBXECTO.

É obxecto deste regulamento a ordenación do servizo de axuda no fogar.

## ARTIGO 2º. ÁMBITO DE APLICACIÓN.

O establecido neste regulamento é de aplicación ao programa de axuda no fogar que se desenvolve no territorio do Concello de Baiona.

## ARTIGO 3º. DEFINICIÓN E OBXECTIVOS DO SERVIZO.

1.- O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar.

2.- Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
f) Retardar ou evitar a institucionalización.
g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

## ARTIGO 4º. CONTIDO DO SERVIZO.

1.- De conformidade coa valoración técnica realizada pola traballadora social dos servizos sociais do concello, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades da vida diaria, tales como:
Apoio e asistencia para levantarse e deitarse; para a hixiene persoal, vestirse, e alimentarse; para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio - temporal e apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia. Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.

b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:
Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos. Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.

c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:
Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
Compra de alimentos e outros productos de uso común.
Preparación dos alimentos. Lavado e coidado das prendas de vestir.
Coidados básicos da vivenda.

d) Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, a afectividade, a convivencia e a integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2.- Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fora do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

3.- En todo caso as atencións prestadas terán un carácter complementario e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

4.- En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:
- A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención (Anexo VI) e no acordo de servizo (Anexo V) recollidos no artigo 12 desta ordenanza.
- Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

**ARTIGO 5º. PERSOAS DESTINATARIAS.**

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá a persoas maiores con déficits de autonomía e a persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como a fogares con menores nos que se observe necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

2. Darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

3. Establecese o sistemas de acceso por libre concorrencia ao servizo de axuda no fogar, en tanto que prestación básica do sistema de servizos sociais, para situacións diferentes á contemplada no apartado anterior.

4. Aos beneficiarios que accedan ao servizo polo sistema de libre concorrencia, que no momento da solicitude ou no transcurso do servizo, se valore que, para cubrir a súa necesidade, o recurso axeitado sexa un Centro de Día ou unha Residencia, tanto na modalidade de válidos como de asistidos, quedan condicionados a xestionar dito recurso nun período de tres meses, salvo aqueles no que algún familiar ou persoa achegada se comprometa por escrito (Anexo III) a asumir o coidado do usuario nas horas non cubertas polo servizo de Axuda no Fogar. O non cumprimento de dito compromiso dará lugar ao recollido no artigo 8 deste Ordenanza, así como, podería redundar en prexuízo das persoas que por Lei teñan obriga de prestar coidados ao beneficiario.

**ARTIGO 6º. DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS.**

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen ademais dos que se lle recoñecen no artigo 6 da lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais, e sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade.
2. A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.
3. A coñeceren a organización e o ordenanza do servizo.
4. A Coñeceren a situación do seu expediente.
5. Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
6. A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.
7. A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.

**ARTIGO 7º. DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS**

As persoas usuarias, ademais dos deberes que con carácter xeral se contemplan no artigo 7 da lei 13/2008, de 03 de decembro, de servizos sociais, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando a execución das tarefas ao persoal ao cargo e poñendo á súa disposición, se fose o caso, os medios materiais necesarios.

2. Colaborar, na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
3. A facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo.
4. Respectar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
5. Informar dos cambios de calquera circunstancia persoal, familiar ou económica que puidese dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.
6. Participar no pagamento do servizo nos termos que establece a norma reguladora.
7. A comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.

**ARTIGO 8º. CAUSAS DE EXTINCIÓN E MODIFICACIÓN DO SERVIZO.**

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:
a) A renuncia da persoa usuaria.
b) O cambio de programa individual de atención ou de proxecto de intervención que implique o cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar. Cando as necesidades do usuario sexan moi superiores as que poden ser cubertas polo S.A.F., sendo recomendable outro recurso social: Centro de Día, Residencia.... e poda producirse unha desatención do beneficiario que de lugar a unha situación de grave risco, e haxa negativa do beneficiario a solicitar ou trasladarse ao recurso recomendable, e/ou a deixarse axudar pola persoa que asinou o compromiso de aceptación das condicións do servizo (Anexo III). Sempre tendo en conta o disposto na Lei 39/2006 de promoción de autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia.
c) Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
d) Falecemento da persoa usuaria.
e) Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo. Despois de extinguirse o servizo por incumprimento do usuario/a, non poderá solicitarse o servizo de novo nun prazo dun ano, e se fose reincidente no prazo de dous anos.
f) A falta reiterada de pagamento do servizo.
g) Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións da prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán motivarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

3. Cando se trate dun servizo de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás

prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, a incoación por parte do Concello dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo notificarase ao órgano competente para dictar resolución de Programa Individual de Atención.

**ARTIGO 9º. CAUSAS DE SUSPENSIÓN TEMPORAL DO SERVIZO.**

Son causas de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1.- Ausencia temporal do domicilio: Neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoas usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

2.- Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: Poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na normativa reguladora.

**ARTIGO 10º. RÉXIME XERAL DE AUTORIZACIÓN E INSPECCIÓN.**

1.- O Concello de Baiona como entidade prestadora de servizos sociais públicos, que desenvolve o programa de axuda no fogar estará debidamente autorizado e acreditado de conformidade co establecido no Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e centros de servizos sociais; e co disposto na Lei 39/2006, do 14 de decembro,e o Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e centros de servizos.

2.- Así mesmo, estará suxeito á inspección e ao réxime sancionador vixente en materia de servizos sociais.

**ARTIGO 11º. FORMAS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO.**

O servizo de axuda no fogar do Concello de Baiona prestarase a través dunha entidade privada debidamente autorizada. Para a súa contratación atenderase ás modalidades de xestión de servizos públicos reguladas na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

**ARTIGO 12º. REQUISITOS ESPECÍFICOS:**

1.- O tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

2.- Exporase publicamente o ordenanza de funcionamento do programa, no que se incluirá a seguinte información:
a) Identificación da entidade titular, sede oficial e oficina base do programa.
b) Ámbito de actuación.
c) Dereitos e deberes da persoa usuaria e da entidade.
d) Descrición dos servizos que se prestan.
e) Procedemento para causar alta, baixa, modificación ou suspensión do servizo.
f) Protocolo para inicio da prestación efectiva e establecemento do vínculo entre a/o auxiliar de axuda no fogar e a persoa usuaria do servizo.
g) Modelo do acordo de servizo entre persoa usuaria e entidade.
h) Horarios de atención ao público na oficina base do programa.
i) Límites horarios para a prestación do servizo.
j) Réxime de visitas aos domicilios do/a técnico/a que coordine ou supervise o programa.
k) Protocolo de actuación no caso de urxencias e de incidencias.
l) Protocolos de substitución da persoa auxiliar de axuda no fogar e de cesación do servizo.
m) Protocolo de actuación no caso de queixa no libro de reclamacións.
n) Cadro de persoal anexo.
o) Cadro de prezos anexo.

3.- Requisitos específicos do Concello.

a. O concello como titular do Servizo de Axuda no fogar designará a traballadora social que exerza como responsable técnica do servizo que garantirá unha supervisión do servizo efectivamente prestado, que será realizada sempre que as circunstancias a fagan necesaria e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

A traballadora social, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que se presta o servizo, no que constará a seguinte documentación que asinará:
• Un informe social.
• Un proxecto de intervención, segundo modelo do SIUSS, anexo VI.
• Un acordo de servizo asinado entre o Concello e a persoa usuaria, que recollerá como mínimo a información contida no modelo do anexo V deste ordenanza.

b. Tamén serán funcións da traballadora social do Concello.

• Dar a coñecer o servizo.
• Recibir a solicitude, realizar o estudio, comprobación, diagnose, baremación e informe social para a resolución.
• Sinalar e definir os obxectivos da intervención, e realizar o informe social de derivación para a Traballadora Social da Entidade coa que teña contrato administrativo o Concello para a realización do S.A.F.
• Responsabilidade e coordinación do mesmo, mantendo reunións periódicas coa Traballadora Social da Entidade coa que teña contrato administrativo o Concello para a realización do S.A.F.
• Propor as baixas ou extincións.

4.- Requisitos específicos da entidade.

a. O servizo estará coordinado por un/unha traballador/a social da entidade coa que teña contrato administrativo o Concello para a realización do S.A.F. Son funcións súas:
• Planear a estratexia a seguir, e asignar as auxiliares de fogar máis adecuadas a cada beneficiario.
• Facer un seguimento de cada caso realizando visitas domiciliarias frecuentes.
• Presentar periodicamente os Informes de Seguimentos, nos que constarán as incidencias máis significativas, así como posibles causas de suspensión do servizo.
• Manter reunións periódicas cos outros profesionais do servizo: Traballadora Social do Concello, auxiliares de fogar.
• Reforzar a formación e reciclaxe das auxiliares de fogar.

b. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de atender a persoas afectadas por déficit de autonomía, deberá estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de “atención sociosanitaria” ou equivalente, regulado no Real Decreto 496/2003, de 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de “atención sociosanitaria a persoas no domicilio” ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de “servizos socioculturais e á comunidade”. A Auxiliar de Fogar é a profesional que fai nos fogares as tarefas que contribúen á prestación do S.A.F. Fundamentalmente debe traballar nos hábitos e as actitudes positivas do usuario na súa relación co mesmo. Son funcións súas:
• Executar os servizos de limpeza do fogar, aseo persoal, deseñados no modelo de intervención.
• Facer ao usuario protagonista do seu proceso de vida e non substitúelo naquelas funcións que poida desenrolar por el mesmo.
• Educar as persoas para crear ou manter hábitos de limpeza da casa, aseo persoal, control de menciñas, etc.
• Actuar de enlace entre o usuario e os técnicos do servizo.

• Prever situacións de marxinalidade e/ou illamento ou evitar que os problemas ou limitacións que presenten os usuarios xeren outros.
• Favorecer o apoio social aos usuarios facilitando e fomentando o contacto co exterior.

**ARTIGO 13º. MODALIDADES DE ACCESO AO SERVIZO.**

1. O acceso ao servizo será directo para persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, así como á Orde do 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.

2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non lles asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación do sistema, o acceso ao servizo, previa prescrición técnica favorable dos servizos sociais do Concello, resolverase en réxime de libre concorrencia de acordo cos criterios establecidos nesta Ordenanza Municipal.

3. De igual maneira á expresada no apartado anterior procederase nas situacións nas que a problemática principal estea relacionada con aspectos convivencias e socio - educativos.

4. Nos supostos recollidos nos apartados 2 e 3 deste artigo empregarase un baremo contido no anexo IV, no cal, ademais dos posibles déficits de autonomía, se valoren factores de carácter persoal e socio - familiar, o apoio social, a situación da vivenda e outros que dificulten obxectivamente a normalización social e a calidade de vida.

**ARTIGO 14º. CRITERIOS DE ORGANIZACIÓN E PROCEDEMENTO.**

1.- O S.A.F. está integrado nos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal e será coordinado por unha traballadora social do seu equipo técnico.
2.- No acceso directo ao servizo para as persoas usuarias con dependencia valorada, a resolución relativa ao programa individualizado de atención terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo.

3.- No acceso en libre concorrencia será de aplicación o seguinte:

a) As solicitudes para percibilo servizo de Axuda no Fogar, formalizaranse por escrito, a través de instancias dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente. O interesado no beneficio prestado polo servizo deberá achegar a seguinte documentación:
• A solicitude, (Anexo I)
• Fotocopia do DNI da persoa que asine a solicitude, das persoas beneficiarias do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio.
• Certificado de convivencia, a nome das persoas beneficiarias do servizo.
• Fotocopia da cartilla da Seguridade Social, ou seguro que lle corresponda, das persoas beneficiarias do servizo.
• Informe médico, segundo modelo (Anexo II), que se facilitará nas dependencias de Servizos Sociais. Se foran necesarios para avaliar a prestación poderase ademais, aportar outros informes médicos.
• Xustificantes de ingresos das persoas que convivan no mesmo domicilio, obtidos nos últimos 12 meses.

- Fotocopia da declaración da renda ou certificación negativa de Facenda e certificación dos datos económicos dos que dispoñan na axencia tributaria de cada membro da unidade familiar computable.
- Xustificantes de pensión, prestación do INEM, nóminas, etc.
- Certificación de intereses devengados por capitais mobiliarios.

• Fotocopia do recibo do IBI correspondente ao último exercicio. A certificación expedida polos servizos económicos municipais sobre a situación contributiva do posible beneficiario do servizo e os seus convivientes, será pedida de oficio polo equipo de Servizos Sociais. Así como, recibos catastrais ou informe negativo de non aboar contribucións.

- Declaración sobre percepción de alugueres.

• Recibos de aluguer de vivenda dos beneficiarios.
• Calquera outro que se considere necesario para a baremación da solicitude e que teña relación cos aspectos valorados na mesma, como os ingresos dos familiares directos.

b) A documentación revisarase anualmente.

c) Procedemento:
Recibida a instancia, xunto coa documentación, procederase pola técnica responsable (traballadora social do Concello) á comprobación dos datos aportados, realizando unha visita domiciliaria, baremará as solicitudes (segundo Anexo IV), elaborará un informe social, posterior, cunha proposta de resolución (positiva ou negativa) que será sometida a dictame da persoa responsable da Concellería de Benestar Social, resolvéndose mediante un Decreto de Alcaldía. Procederase a comunicar a resolución ao interesado para, en caso de que fora positiva, facela efectiva en canto o permita a dispoñibilidade do servizo. O solicitante pasará a ser dado de alta no SAF, ou ben incorporado á lista de espera ocupando o número de orde que lle corresponda en función da puntuación acadada polo seu expediente trala baremación do mesmo. No caso de igualdade de

puntuación, a prioridade establecerase pola antigüidade segundo o número de rexistro de entrada da solicitude.

d) A concesión do servizo considérase prorrogada en tanto non se acorde a súa baixa por Resolución da persoa responsable da Concellería de Benestar Social, ou ben presente baixa xustificada o interesado.

e) Para ser usuarios/as do SAF por libre concorrencia, deberán alcanzarse un mínimo de 45 puntos na avaliación total do expediente segundo a aplicación o baremo establecidos nesta ordenanza, debendo alcanzar unha puntuación mínima de 8 puntos na situación socio - familiar. Contra a denegación do servizo, o interesado poderá interpoñer os recursos e reclamacións estipulados na lexislación vixente.

4.- Unha vez notificada a resolución de concesión do servizo, a prestación do S.A.F. queda condicionada á aceptación do mesmo por parte da familia, que se reflectirá nun acordo do servizo (Anexo V), no que se especifican as condicións básicas da prestación.

5.- Así mesmo, se prevé a concesión do S.A.F. con carácter urxente en casos de extrema e urxente necesidade debidamente xustificada (altas hospitalarias ou ingreso de persoas con familiares ao cargo). Nesta situación será a responsable quen propoña a concesión ou denegación do servizo co visto bo do Sr. Alcalde dando conta na próxima reunión que se realice co Concelleiro/a responsable. A concesión destes servizos nas condicións descritas, será por un tempo máximo dun mes, xa que en canto sexa posible deberá ser sometido o correspondente expediente a dictame da persoa responsable da Concellería de Benestar Social e posterior resolución por Decreto de Alcaldía.

6.- Nas intervencións de carácter socioeducativo derivadas dun diagnóstico de desestructuración familiar, o servizo de axuda no fogar será complementario ao programa de educación familiar.

7.- O desenvolvemento do Servizo de Axuda no Fogar rexerase por unhas normas básicas que atinxen tanto ós/ás traballadores como ás/ós usuarios/as do SAF. Estas normas entregaranse xunto ó acordo do servizo que asinará o/a usuario/ a ou titor. Segundo o establecido no artigo 12º deste regulamento, independentemente das normas que poidan ir implantándose no proceso de execución do servizo, por necesidade do mesmo, establécense como normas básicas as seguintes:

1. tempo de atención en cada domicilio non superará ao establecido na resolución da concesión.
2. tempo de atención, periodicidade e as funcións e tarefas a desenvolver, serán as establecidas na resolución do expediente de solicitude do SAF. As mesmas constarán no acordo de servizo asinado pola/o usuaria/o.
3. As actuacións da/o Auxiliar do SAF deberán axustarse ó proxecto técnico establecido. Non recibirá nunca ordes do/a usuario/a nin de familiares, senón do Concello e/ou empresa adxudicataria do servizo. A/O auxiliar do SAF

axustaráse ás normas detalladas no acordo de servizo, e cando por calquera motivo a/o usuario/a queira modificar algún aspecto do mesmo, deberá solicitar o mesmo no Concello, nas dependencias dos servizos sociais, que iniciará as xestións oportunas que dean lugar, no seu caso, á modificación da prestación.

4. A/O auxiliar do SAF non traballará no domicilio da/o usuaria/o en ausencia deste, e se por calquera motivo a/o usuaria/o non se encontra no domicilio no horario de atención, a/o auxiliar non está obrigada/o a esperar e deberá poñer en coñecemento da traballadora social do SAF a incidencia.
5. Calquera queixa ou suxerencia da/o usuaria/o respecto do servizo deberá poñelo en coñecemento da traballadora social do SAF ou da traballadora social do Concello, e non será dirimido entre a/o auxiliar do SAF e a/o usuaria/o.
6. Cando por calquera circunstancia fose preciso realizar un cambio de horario ou substitución dunha auxiliar de axuda no fogar, poderá realizarse sen mediación da/o usuaria/o, se ben é preciso comunicalo previamente.
7. As/os usuaria/os quedan obrigados a comunicar calquera cambio de domicilio, teléfono ou datos económico e socio-familiares aos Servizos Sociais do Concello.
8. A atención establecida no acordo de servizo e no proxecto de intervención individual non pode interferir nin limitar o dereito da/o usuaria/o á súa intimidade; en consecuencia a/o auxiliar do SAF non poderá ser acompañada por ninguén alleo ao SAF cando accede ó seu traballo, e nunca fará comentarios da/o usuaria/o que atenten aos seus dereitos.
9. A/o usuaria/o correrá cos gastos dos productos necesarios para a limpeza, aseo, comida, desprazamento ó médico ou para a realización de xestións, etc.... Só en casos especiais os servizos sociais municipais poderán avaliar a xestión dunha axuda económica por este concepto.
10. Cando se trate de apoio no aseo persoal, a/o usuaria/o disporá do xabón, cremas, colonias, etc. que sexan de uso persoal e necesario para o seu aseo. E recibirá da empresa adxudicataria do servizo as luvas de látex para uso das/os auxiliares domésticas/os do SAF.
11. A/O auxiliar do SAF non permitirá que sexa a/o usuaria/o quen oriente o servizo, e manterá unha relación de equilibrio afectivo axustado a/o usuaria/o.
12. Ós/ás auxiliares do SAF non lles estará permitido recibir ou custodiar diñeiro, xoias nin obxecto algún do/a usuaria/o.
13. A/O auxiliar do SAF non disporá de chaves de ningún domicilio, agás cando as condicións da situación concreta así o esixan, sempre coa demanda e consentimento da/o usuaria/o e aceptación da traballadora social responsable do SAF.
14. As/os usuarias/os absteranse de realizar comentarios sobre a vida persoal ou familiar da/o auxiliar domestica/ o do SAF.
15. As/os usuarias/os do SAF aboarán a tarifa correspondente, en tempo e forma e contía establecidos na resolución, e que estará suxeita á revisión anual ou posibles modificacións do servizo en función da variación da situación económica, socio familiar e de autonomía persoal.

16. Se a/o usuaria/o comunica cunha antelación de 15 días a suspensión do servizo con carácter temporal por un período máximo de tres meses por motivos xustificados, poderase reservar a praza, e terá a reducción correspondente. En caso contrario non se realizará desconto ningún da tarifa mensual correspondente ao número de horas concedidas. Respecto da suspensión do servizo, tarifas ou importes do copagamento, terase en conta o que determina a Ordenanza Reguladora do Prezo Público do SAF.
17. As/os usuarias/os presentarán, nos servizos sociais municipais, no último cuatrimestre de cada ano a documentación requirida para os efectos de revisión e continuidade do servizo.
18. Servizo de Axuda no Fogar non elimina nin substitúe as actividades que a/o propia/o usuaria/o poida realizar e en ningún caso suplantará as responsabilidades familiares.
19. A falta de colaboración da/o usuaria/o e/ou da familia/unidade de convivencia na execución das tarefas propostas, será motivo de baixa no servizo.
20. A traballadora social responsable do SAF garantirá a supervisión do efectivamente prestado, realizada sempre que as circunstancias o fagan necesario, e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses, do que deixará constancia en cada expediente individual. Tal supervisión revisará ou axustará, de se lo caso, as prestacións expresadas no proxecto de atención e no acordo de servizo.

## ARTIGO 15º. INTENSIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO.

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe social.

2. A intensidade do servizo de axuda no fogar para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de maneira que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, todos os días da semana (incluíndo domingos e festivos).

| ACCESO DA AXUDA NO FOGAR | DEDICACION DO RECURSO PRINCIPAL | MÁXIMO DE HORAS EN FUNCIÓN DO SEU GRADO E NIVEL DE DEPENENCIA |
|---|---|---|
| COMO RECURSO PRINCIPAL IDÓNEO | DEDICACIÓN COMPLETA<br>90 horas/mes<br>70 horas/mes<br>55 horas/mes | <br>Grado 3- Nivel 2=90<br>Grado 3- Nivel 1=70<br>Grado 2- Nivel 2=55 |
| | DEDICACIÓN PARCIAL<br>45 horas/mes<br>35 horas/mes<br>23 horas/mes | <br>Grado 3- Nivel 2=45<br>Grado 3- Nivel 1=35<br>Grado 2- Nivel 2=23 |

| | | |
|---|---|---|
| COMO RESPIRO DO CUIDADOR | COIDADOR TIEMPO COMPLETO<br>160 horas/mes | Grado 3- Nivel 2=30<br>Grado 3- Nivel 1=20<br>Grado 2- Nivel 2=15 |
